


COLEXIO PLURILINGÜE
ÁNGEL DE LA GUARDA

PROGRAMA DE ACOLLIDA

CURSO 2020/2021





ÍNDICE

1. Introducción.

2. Obxectivos do Programa de Acollida pola pandemia da COVID-19.

3. Organización do Programa acollida pola pandemia del COVID-19:

3.1. Actuacións en relación co período de adaptación dos diferentes cursos para a ESO, EP e EI.

3.2. Recomendacións para convivir coa nova situación.

3.2.1. Novas normas de organización e funcionamento do centro.

3.2.2. Actuacións de prevención e hixiene.

3.2.3. Accións de formación da competencia dixital do alumnado.

3.2.4. Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión.



1. **Introdución:**

A situación da pandemia da Covid-19 e o confinamento alteraron en gran medida a vida diaria dos nosos alumnos-as e a das nosas familias. Interrompeuse a súa vida cotiá ó deixar de asistir ó colexio, en moitos casos os seus pais deixaron de acudir ós seus postos de traballo tendo que realizar esas tarefas dende os seus fogares, noutros casos incluso se viron en situacións de desemprego.

Por outro lado, tamén se interrompeu o contacto físico con familiares e amigos, tiveron que se adaptar ás novas tecnoloxías no referente á educación non presencial.

Por outra parte, posiblemente escoitaron comentarios ou viron pola televisión noticias referentes á enfermidade e incluso nalgúns casos perderon algún familiar por causa do virus.

O noso centro tivo en conta todas estas situacións vividas e por estes motivos e para dar resposta ás diferentes situacións emocionais do noso alumnado e as súas familias, elabórase o Plan de Acollida para o comezo do próximo curso 2020-2021, coa finalidade de axudar á adaptación da volta ó colexio da mellor maneira posible e seguindo as recomendacións das administracións educativas, sanitarias e do Colexio Oficial de Psicólogos.

2. **Obxectivos do Programa de Acollida debido á pandemia do COVID-19:**

- Dar a coñecer os alumnos, familias e resto do persoal educativo as novas normas de organización e funcionamento do centro.
- Dar a coñecer os alumnos, familias e resto do persoal educativo as actuacións en materia de prevención e hixiene.
- Formar os alumnos para a mellora da súa competencia dixital necesaria para o seu desenvolvemento xa sexa presencialmente ou, de ser o caso, non presencial.
- Atender os aspectos emocionais e sociais:
 - Acoller a alumnado e familias tendo en conta as diferentes situacións emocionais vividas.
 - Axudar ós alumnos-as a xestionar as súas emocións mediante programas de xestión socio emocional.
 - Fomentar plans de actuación baseados no diálogo.
 - Incorporar cambios metodolóxicos no proceso de ensino-aprendizaxe.
 - Atención e seguimento individualizado dos alumnos-as que o necesiten, en especial do alumnado con necesidades educativas especiais.
- Seguir cos protocolos establecidos polas administracións educativas e sanitarias da Xunta de Galicia.



- Incorporar actividades relacionadas coas necesidades de acompañamento, apoio e reforzo de contidos curriculares derivados da situación creada e desenvolvemento de accións con toda a comunidade educativa relacionadas coas repercusións e efectos emocionais negativos que se teñan podido derivar do confinamento no seu aspecto psicolóxico.

3. Organización do Programa de Acollida:

3.1 Período de adaptación das diferentes Etapas:

En E. Infantil, E. Primaria e o resto de cursos de E. Secundaria o período de acollida e adaptación ó centro levarase a cabo no mes de *Setembro de 2020*, seguindo as indicacións sanitarias e educativas.

Os profesores-as utilizarán o mes de setembro para levar a cabo dinámicas de grupo que axuden á xestión emocional do alumnado e a realizar un seguimento da situación da Covid-19 e como actuar.

Empregaranse diferentes metodoloxías participativas baseadas principalmente no diálogo e a comunicación, onde os alumnos-as poidan compartir os seus sentimentos e emocións vividas, grupos, exposición etc..

No Departamento de Orientación atenderase de forma máis individualizada a aquelas familias que presenten unhas necesidades máis específicas e requiran de orientación e asesoramento, derivándose os casos a profesionais especializados cando sexa necesario.

3.2 Recomendacións para convivir coa nova situación:

O profesorado será parte fundamental para a volta ó colexio, será o modelo de xestión emocional e os encargados de transmitir ó alumnado as normas e protocolos que deben cumprir, coidando a súa correcta execución para a súa seguridade, seguindo en todo momento as presentes recomendacións reflexadas no Plan de Adaptación á situación COVID-19 e no Plan de Continxencia, coas modificacións segundo as circunstancias e a evolución da pandemia.



3.2.1. Novas normas de organización e funcionamento do centro.

- Creación do Equipo COVID-19 DO CENTRO:

É o equipo de referencia para o persoal, profesorado, alumnado e familias, está formado por:

- Isabel Fernández.
 - Jesús Navarrete.
 - Pilar Gallego.
 - Angela Rodríguez
- As súas funcións son:
 - Actuar como canle de comunicación entre a comunidade educativa no suposto de contaxios, abrochos, síntomas, así como comunicar incidencias, ausencias.
 - Encargado de contactar co centro de saúde de referencia.
 - Encargado do material de protección necesario, inventario , reparto etc.
 - Encargado de contactar coa Xefatura Territorial de Sanidade no suposto de sospeita ou aparición de casos de COVID-19.
 - Adecuar os espazos do centro no suposto de aparición de abrochos.
 - identificar as necesidades de protección do alumnado.(xunto co Dpto. Orientación)
 - Identificar as necesidades de protección e hixiene do alumnado de NEE (xunto co Dpto. Orientación)
 - Informar e garantir que toda a información sobre os protocolos de seguridade, hixiene e saúde, chega a todos os membros da comunidade educativa.
 - Elaborar o "Plan de adaptación á situación COVID-19".
 - Garantir a comunicación do mencionado Plan a toda a comunidade educativa.

3.2.2. Actuacións de prevención e hixiene.

- Medidas de Prevención Básicas
 - O Centro de saúde de atención primaria de é o centro de referenciado colexio. (aínda está por confirmar e se os notificará)
 - Créase un espazo individual no centro para illar ás persoas que presenten síntomas mentres se organiza o seu traslado, este espazo



estarán na ESO na sala contigua a secretaria, sala que se utilizaba normalmente para recepción dos pais.

- Todos o persoal do centro realizará, antes de chegar ao centro, un control diario dos síntomas compatibles co COVID-19, segundo as instrucións do Anexo I do protocolo do Plan de Adaptación a situación COVID-19. No suposto de aparecer sintomatoloxía relacionada co COVID-19, esta persoa non acudirá ao centro, chamará ao centro de saúde de referencia e a o equipo COVID, para informar da súa situación, e manterá un illamento preventivo domiciliario, informando ao seu centro de saúde ou aos facultativos da mutua.
- No suposto de detectar os síntomas durante a estancia no centro, o traballadora abandonará o seu posto de traballo e posto en contacto co equipo COVID do centro e co centro de saúde, seguirá as instrucións que se lle indiquen dende o mesmo
- Todo o alumnado, realizará, antes de chegar ao centro, un control diario dos síntomas compatibles co COVID-19, segundo as instrucións do Anexo I do protocolo do Plan de Adaptación a situación COVID-19. No suposto de aparecer sintomatoloxía (recollida no Anexo I), non acudirá ao centro e o alumno ou a súa familia informará da situación ao seu centro de saúde de referencia.
- Todas as faltas de asistencia relacionadas con esa situación consideraranse xustificadas, mediante un comprobante dos pais e/ou titores do alumno.
- No suposto de que se detecten os síntomas durante a estancia do alumno no centro, comunicarase ó equipo COVID (o profesor da clase o no seu caso o de garda acompañará ó alumno a sala da illamento, permanecendo con él ata que o recollan, con máscara e as ventás abertas). Contactarase coa familia para que se presente no centro á maior brevidade.
- Na aula o alumnado estará sempre sentado (*ver Plan de Adaptación a Situación COVID*).
- Na aula todas as mesas estarán colocadas en liña e orientadas cara á mesa do docente.
- Será obrigatorio o uso da máscara a partir dos 6 anos.
- Nos espazos comúns, será obrigatorio o uso da máscara para toda a comunidade educativa, salvo alumnado de Educación Especial.
- Entre clase e clase farase una ventilación da mesma (entre 5 e 10 minutos) e vixiarase o baleirado de papeleiras e a reposición de xabón, papel de secado e xel hidroalcohólico.
- O profesorado informará, e fará un recordatorio diario, a todos os alumnos sobre as medidas de protección adoptadas, destacando as seguintes: Evitar tocarse os ollos, nariz e boca, hixiene das mans,



especialmente na entrada e saída do centro .(VER PLAN DE ADAPTACIÓN DO CENTRO A SITUACIÓN COVID-19.)

- O profesorado informará, e fará un recordatorio diario, a todos os alumnos sobre os recreos e as quendas do comedor e resolverá todas aquelas dúbidas que se demandasen.(VER PLAN DE ADAPTACIÓN DO CENTRO A SITUACIÓN COVID-19.)
- Medidas de Prevención Persoal (Ver Plan de Adaptación do Centro A Situación Covid-19.)
 - Hixiene de mans frecuente, mínimo 5 veces ó día, durante, polo menos, 40 segundos, con auga e xabón ou no seu defecto con xel hidroalcohólico (terase en conta que cando as mans están con sucidade visíbel, non é suficiente con xel, e resulta necesario empregar auga e xabón)
 - Evitar tocarse o nariz, os ollos e boca para evitar a transmisión
 - Ao tusir ou esbirrar, cubrir a boca e o nariz co cóbado flexionado.
 - Usar panos desbotables para as secrecións respiratorias e tiralos tralo seu uso.
 - Evitar darse a man.
 - Aleccionar, se fará un recordatorio diario, ao alumnado sobre o uso correcto da máscara.

3.2.3. Accións de formación da competencia dixital do alumnado.

Nos primeiro trimestre do curso, e en especial as primeiras semanas, prestarase especial atención a formación dixital do alumnado, como prevención de posibles abrochos, mediante a formación no manexo de:

- A utilización da plataforma do centro EDUCAMOS, manexo do espazo na nube, cargar descargar arquivos e documentos etc.
- Manexo e uso do programa de videochamada Teams de Microsoft.
- Manexo dos programas que conforman o Microsoft Office 365 (Word, Excel, Power Point etc.
- Utilización do USB no traballo diario.
- Traballo cos arquivos e carpetas: crear, modificar, borrar, copiar, renomear, comprimir etc.
- Utilización do correo electrónico e envío de documentos.
- Empregarase parte da clase dalgunha materia (*relixión, libre configuración ou galego, naturais etc.*) e nas clases de libre configuración.



Axuda para a xestión emocional fronte á COVID-19:

O equipo docente traballará en valores liderados pola responsabilidade individual, a saúde, a solidariedade e o restablecemento dos vínculos afectivos.

A situación vivida polos nosos alumnos-ase as nosas familias en todo este período de confinamento orixinou diferentes formas de manifestar as emocións e estas poden variar entre uns e outros, xa que o desenvolvemento evolutivo inflúe en como se experimentan as situacións e en como eles expresan as súas emocións.

Os sentimentos e emocións que poderemos observar de forma máis habitual debidos a esta situación son os seguintes:

- **O medo:** esta reacción emocional adoita ser a máis frecuente ó asimilar que o coronavirus é "como un monstro", especialmente para los alumnos máis pequenos, a quen lles pode ter afectado en relación ós hábitos e ritmos do sono. Durante a noite poden chegar a sentir medo por esta situación. Será bo escoitalos e que expresen os seus medos. Para tratar de reducir esta sensación, unha das recomendacións é ler relatos ou contos con eles, apoiándonos na realidade na que ese monstro se acabe esfumando co traballo dos nosos profesionais sanitarios e co apoio e colaboración de todos. Co alumnado de máis idade é importante traballar o medo a enfermarse e o medo á morte dado que son máis conscientes desa posibilidade e esta puido volverse máis próxima se sufriron a perda dun ser querido.

Haberá que valorar individualmente aqueles casos que puidesen derivar nalgún tipo de trastorno emocional. Dentro da emoción do medo podemos encontrarnos con dous aspectos provocados por esta situación:

- **Inseguridade e incerteza:** Enfrontarse á incerteza é un dos procesos máis complexos para o ser humano xa que implica "non poder facer nada", tan só aceptar a situación que se está a vivir. É importante valorar positivamente os comportamentos adecuados e axudarlles a desenvolver a súa autoconfianza recoñecendo os seus progresos por lentos ou poucos que sexan. Cos alumnos-*as máis maiores, falar, dialogar e razoar* con eles, compartir momentos xuntos en familia, onde se sintan comprendidos e escoitados.

- **Ansiedade:** é un mecanismo de adaptación que posiblemente se xerará en moitos dos nosos alumnos-as e nas nosas familias ó intentar dar resposta a algo que vivimos como una ameaza (Covid-19) e que xera tanta incerteza. É aconsellable falar de como se senten, realizar exercicios de respiración se o precisan, practicar actividades físicas, fomentar bos hábitos de alimentación e hábitos de sono e hixiene.

Coidar as relacións sociais é outro aspecto importante, que nestes momentos a través das novas tecnoloxías se vén conseguindo.

- **A tristeza:** estar lonxe dos seus familiares, profesores ou amigos do colexio, pode xerar esta sensación no alumnado. Por iso é aconsellable



explicarlles que a tristeza aparece ó botar en falta algo, o choro neste sentido é moi beneficioso, facilita a aceptación da emoción e axúdanos a sentirnos mellor. Un dos comportamentos máis adecuados que acompañan a esta emoción é o de tratar de lembrar e, na medida do posible, recrear momentos felices, situacións que resultasen agradables para ir deixando a tristeza e que esta se vaia convertendo nunha certa nostalgia, emoción moito menos intensa.

- **A ira:** a sensación de inxustiza e impotencia por causas como as descritas anteriormente pode motivar o enfado nos nosos alumnos-as. Explicarlles que esta situación non depende de nós e que temos que ser pacientes, axudar e levar o mellor posible a situación. Para iso desde casa débese ser flexible e ter paciencia fronte a momentos de rabia e enfados. Como adultos hai que axudar a conter respostas emocionais inadecuadas e ofrecerlles ó mesmo tempo alternativas de respostas máis adaptadas. Ó dar un contexto á emoción esta vólvese menos intensa, é fundamental nestes casos a empatía, a comprensión sobre os sentimentos dos demais, o feito de dar “espazo e tempo” para a xestión da emoción.

-**Dó por perda dun ser querido:** é unha das situacións máis duras de toda a pandemia. Algunha das nosas familias perdeu a algún familiar durante este tempo, manifestando múltiples sentimentos. O proceso de dó é máis complicado dadas as circunstancias nas que non se puideron realizar as despedidas sociais que facilitan este proceso e por esta razón é importante transmitirlles ós nosos pais-nais que expliquen ós seus fillos-as o acontecido, sempre adecuando á súa idade a linguaxe que se utilice e que acompañen a despedida realizando algún debuxo, por medio dunha carta, buscando fotografías, lembrando momentos entrañables, creando un recanto da lembranza onde depositar obxectos para homenaxear ás persoas falecidas, chorando xuntos, abrazándose... calquera tipo de proceso que, dalgunha forma, supla o que non se haxa puidese ter no seu momento. Recordando que non puidemos despedirnos, pero que o faremos. É importante poder traballar cos nosos alumnos-as a capacidade de adaptación á nova situación trala pandemia pola Covid-19. Debemos de axudarlles, pais, nais e profesores-as, con diferentes estratexias para superar as adversidades vividas da mellor maneira posible, e en consecuencia aprendan a resolver con éxito posibles desafíos futuros, sendo máis optimistas, máis capaces e felices. Para iso, recoméndanse algunhas pautas para recoñecer as súas habilidades e recursos internos, que detallamos a continuación:

● **Habilidade:** describe o sentimento de saber que podemos controlar unha situación eficazmente.

Podemos axudar a desenvolver a competencia ó:

o Axudar ós nenos a enfocarse en fortalezas individuais.

o Enfocarse nalgún erro identificado en incidentes específicos. Autorizar ós nenos a que tomen decisións.



o Ter cuidado de que o desexo de protexer ó seu fillo non envíe unha mensaxe equivocada de que non o considera capaz para conducir situacións.

o Recoñecer as habilidades dos irmáns de maneira individual e evitar as comparacións.

• **Confianza:** A convicción dun neno sobre as súas propias habilidades deriva da capacidade. Créase confianza ó:

o Enfocar o mellor de cada neno para que poida observar iso tamén.

o Expresar claramente as mellores calidades, como lealdade, integridade, persistencia e bondade.

o Recoñecer cando o neno fixo algo ben.

o Felicitar con honestidade certos logros específicos; sen brindar unha felicitación que poida carecer de autenticidade.

o Non forzar ó neno para que emprenda máis do pode facer dunha maneira realista.

• **Conexión:** Desenvolver vínculos estreitos coa familia e a comunidade crea un sólido sentido de seguridade que axuda a guiar cara a importantes valores e evita as rutas destrutivas alternas do amor e a atención.

Pode axudar a seu fillo a conectarse con outros ó:

o Crear un sentido de seguridade física e seguridade emocional dentro do seu fogar.

o Permitir a expresión de todas as emocións, para que os nenos se sintan cómodos durante os momentos difíciles.

o Tratar abertamente o conflito en familia para solucionar os problemas.

o Identificar un lugar común onde a familia poida compartir o seu tempo (non necesariamente o tempo para ver TV).

o Fomentar as relacións saudables que reforzarán as mensaxes positivas.

• **Carácter:** Os nenos-as necesitan fomentar un sólido grupo de ensinanzas e valores para determinar o correcto e o incorrecto e para demostrar unha actitude afectuosa cara ós demais. Para fortalecer o carácter do seu fillo, comece por:

o Demostrar como afectan os comportamentos ós demais.

o Axudar ó seu fillo a recoñecerse como unha persoa amable.

o Demostrar a importancia da comunidade.

o Fomentar o desenvolvemento da espiritualidade.

o Evitar o racismo ou as declaracións de resentimento, ou estereotipos.

• **Contribución:** Os nenos necesitan comprender que o mundo é un lugar mellor porque eles están nel. Ser consciente da importancia da contribución persoal pode servir como unha fonte de propósito e motivación. Ensínelle ó seu fillo como contribuír ó:

o Comunicarlles ós nenos que moitas persoas no mundo non teñen o que necesitan.

o Acentuar a importancia de axudar a outros modelando a xenerosidade.



o Crear oportunidades para que cada neno contribúa dalgunha maneira específica a enfrontarse.

Aprender a enfrontar de maneira efectiva o estrés axudará ó seu fillo a estar mellor preparado para superar os desafíos da vida.

Entre as leccións positivas de facerlle fronte ás cousas están:

1. Modelar as estratexias positivas para enfrontar as cousas constantemente.
2. Guiar ó seu fillo para que teña estratexias positivas e efectivas para enfrontar as cousas.
3. Comprender que pedirle que deixe o comportamento negativo non funciona.
4. Saber que moitos comportamentos arriscados son intentos para aliviar o estrés e a dor nas vidas diarias dos nenos.
5. Non reprobar o comportamento negativo do seu fillo e posiblemente, aumentar o seu sentido de vergoña.

• **Control:** Os nenos que saben que poden controlar as consecuencias das súas decisións teñen máis probabilidades de saber que teñen a capacidade de reincorporarse.

Cando o seu fillo é consciente de que pode marcar a diferenza, tamén promove a competencia ea confianza. Pode tratar de capacitar ó seu fillo ó:

o Axudar ó seu fillo a comprender que os acontecementos da vida non son completamente fortuítos e que a maioría das cousas que ocorren son o resultado das decisións e accións doutras persoas.

o Aprender que coa disciplina trátase de ensinar, non de castigar ou controlar; usar a disciplina para axudar a que o seu fillo comprenda que as súas accións producen certas consecuencias.

Estas son algunhas das recomendacións para as nosas familias e alumnos-as, para axudarlles a xestionar todas estas emocións que afloraron durante a pandemia polo Covid-19.

É importante normalizar a manifestación das devanditas emocións, sendo flexibles en cada situación e ensinando a resolvelas de maneira adecuada. Nestes momentos, xunto coa familia, o colexio é un modelo de xestión emocional, e por iso queremos recoller a través deste documento ó Plan de Acollida do Centro, as aportacións que se van levar a cabo para axudar ós nosos alumnos-as coa reincorporación ás aulas.